

Destino Fisterra



XENARO

Conta o escritor José María Conget, en *Cincuenta y tres y Octava*, que está prohibido instalar lavadoras nos apartamentos de Manhattan, e supoño que tamén en todos os outros distritos da cidade de Nova York; polo que todo o mundo usa as lavanderías situadas na planta baixa ou no soto deses edificios. Isto obriga a unha peregrinación regular ao soto do edificio no que se vive para ir lavar a roupa; sempre levando unha mancha de moedas de cincuenta céntimos de dólar, pois sen elas non funcionan as lavadoras e as secadoras.

Aos sotos destes edificios é tamén onde se leva o papel, os plásticos, as latas, o vidro e outros refugallos que se depositan alí para reciclar. Algúns destes sotos están bastante ben preparados, con mobles desbotados por algúns dos inquilinos; outros son verdadeiros clubs sociais, espazos de encontro, especialmente nos barrios socialmente máis periféricos. Onde eu vivía había un par de sofás, unha mesiña, un espello e algún que outro elemento decorativo; así que, mentres non acababa a lavadora ou a secadora, un podía sentar comodamente e ollar algunhas das revistas ou libros que os inquilinos deixaban alí para que o encargado do edificio sacase á rúa o día da semana que correspondía pasase o camiión do lixo. Así que alí un encontraba de todo e en todos os idiomas e alfabetos posibles.

No meu caso había bastantes revistas e algún libro en xaponés, polo que non perdía moito tempo ollando ese material; mais sempre atopabas algo con que matar o tempo, incluso verdadeiras curiosidades, pero nunca nada en galego e moi pouco en castelán.

Un día collín un exemplar dun *The New Yorker*, do 5 de abril de 2005, e fun pasando as follas até que dei cun comentario sobre un libro de viaxes, unha viaxe que empezaba mesmo en Fisterra e remataba nunha illa do Mar de China, unha viaxe que ía desde onde o sol se pon por última vez a onde din que seica saen as primeiras raiolas. Así que ao día seguinte fun a unha das librerías da cadea Borders, situada nas torres da Warner e onde está a canle de televisión CNN, para mercar o libro de Taras Grescoe, un recoñecido escritor canadense de literatura de viaxes, titulado *The end of elsewhere*. Non lembro se foi nesta ocasión ou noutra que aproveitei para preguntar por máis literatura de viaxes sobre Galicia. “Vai ir vostede alá?”, preguntoume o mozo que me atendeu. “Non, son de alá”, díxenlle, como recitando uns versos do poeta palestino Mahmud Darwish. E miroume un pouco sorprendido dicindo: “vostede é de alá e busca información sobre a súa cidade!”; parece que só lle preguntaban por sitios aos que ir e nunca por literatura de viaxes sobre o lugar no que vives.

Pero volvamos ao libro de Taras Grescoe. Anúncianos que a intención é seguir camiños xa labrados en profundidade polos itinerarios turísticos; é dicir, quere seguir itinerarios xenéricos, masificados. É xa Fisterra un destino xenérico?

En principio pareceume unha boa idea tomar Fisterra como punto de inicio dunha aventura entre peregrina e turística, ou poden hoxe separarse estes dous conceptos? Mais no fondo a idea tampouco é tan orixinal. Fíxoo Nicholas Crane en *Un sendero entre las nubes. A pie de Finisterre a Estambul*, libro publicado en 1999 e en inglés tres anos antes. Pero Nicholas Crane non quere seguir o Camiño, senón que vai dun extremo ao outro do continente seguindo unha liña polas montañas: “Observé que había una línea continua de montañas que atravesaban el continente desde el Atlántico hasta el mar Negro. Comenzaba en el cabo Finisterre, en el extremo noroeste de España, en dirección al este por la cordillera Cantábrica, cruzaba el País Vasco, seguía por los Pirineos, las Cevenas y los Alpes para llegar a Viena...”.

Se fan un camiño neste sentido os milleiros de peregrinos que cada ano chegan até os cantís sobre os que se ergue o promontorio fisterrán do Monte Facho, peregrinos que chegan até aquí non só coa intención de contemplar unha posta de sol á hora en que se despiden a luz por sobre o manto movedizo do mar, moitos fano tamén co firme propósito de empezar unha nova vida, é dicir, de empezar un novo camiñar vital. Para eles Fisterra é o inicio dunha nova etapa na súa vida, o comezo doutro camiño. E aquí a vella idea do camiño como metáfora da vida. E ese novo camiño deséxase que sexa distinto e mellor ao que viñan facendo até ese momento da vida. O espazo fisterrán, o último habitado, aparece así coma unha metáfora da liminalidade ritual que dá paso a un novo estado da identidade persoal dos individuos, aquí daríase o primeiro paso cara ao infinito, un espazo nebuloso onde un se imaxina que pode acontecer todo o que até entón non foi posible realizar, como o máis alá do imaxinario medieval.

Así, se ollamos lixeiramente os comentarios que os peregrinos deixan no *Libro do Peregrino*, que está á disposición de todos eles nos albergues do Camiño, podemos ler cousas como esta que deixou un peregrino brasileiro hai xa uns anos no do albergue de Fisterra:

“Aquí en Fisterra, depois dum baño gelado na praia de Mar de Fóra, depois de queimar as medias de Vascão no cabo, di por encerrado o camiño. Aquí mesmo começo outro que não sei onde me levará”.

Unha peregrina brasileira escribe:

“Termino aquí em Finisterre o meu caminho físico, pois sei que o caminho espiritual continua...”

Outro peregrino, tamén de lingua portuguesa, deixou escrito que:

“O Caminho sempre nos dá algo em troca. Aquí, no fim do mundo, percebo que é, na verdade, un novo começo, un novo renascer, como o sol, diariamente”.

“Algúns até o din en verso:
Cheguei ao fim do caminho.
Cheguei ao fim do mundo.
Segue um novo caminho.
Abre-se um novo mundo”.

E outros son máis transcendentais nas súas expresións: “este es el primer día del resto de mi vida”.

E todo isto porque hai un pouso simbólico no ambiente de Fisterra, un pouso cargado de historicidade e realmente difícil de encontrar noutras partes. Isto mesmo o reconece Taras Grescoe cando di que hai outros fisterras en Europa, pero o galego ten unha carga simbólica que os demais non teñen, porque este si foi recoñecido como límite dun mundo coñecido e os límites son casa de poderosos e invisibles espíritos. Por todo isto o autor empezou esta experiencia aquí, e por iso veñen até aquí milleiros e milleiros de peregrinos e turistas todos os anos, seguindo as pegadas doutros milleiros de peregrinos que o fixeron antes. E o autor empeza un camiño “ao revés”, empeza saíndo do faro para dirixirse primeiro cara á vila de Fisterra e seguir cara a Santiago de Compostela, onde chega en plenas festas da Ascensión e, despois, encamiñarse polo Camiño Francés cara ao corazón da vella Europa.

O autor deste libro empeza o camiño en Fisterra e vaine rematar en Tianya Haijiao, na illa de Hainan, situada no mar de China, considerada como outro punto onde o ceo e o mar se encontran; pero neste caso onde se encontran ao abrir do día e onde din que primeiro sae o sol, un lugar para contemplar o amencer, un lugar de alborecer e contraposto a Fisterra. Os símbolos e os mitos vanse construíndo co tempo e novos territorios aparecen agora con novas simboloxías que poden eclipsar as paisaxes culturais clásicas, mesmo as xeografía simbólicas.

Pero aquí, na vella Fisterra, na chamada Europa, queremos construír unha nova conciencia histórica sobre a pel do vello continente europeo e precisamos marcar ou ritualizar o territorio no que é posible a existencia dunha memoria compartida, dunha me-



XENARO

moria que axude a cohesionar unha conciencia social, proceso no que o individuo social adopta formas de actuar, pensar e ser que conforman a súa propia identidade. O universo simbólico é un elemento clave para chegar a esta interpretación da realidade. E Fisterra é un lugar ideal para simbolizar o comezo desa nova conciencia, un lugar que agora está volvendo a cargarse de significado ou a resignificar de novo os vellos símbolos. Un lugar con pouso simbólico, pois, como nos tempos medievais, a sociedade de agora tamén precisa, e necesita, un sistema simbólico que ordene e dea sentido a unha gran variedade de experiencias humanas. Hoxe, coma onte, tamén se precisa da imaxinación para crear novos mundos, mundos imaxinados nos que poida ocorrer todo o que non é posible na realidade cotiá que vivimos, realidade sempre comesta por unha crise crónica que ensombrece a existencia. E Fisterra aparece como no límite entre a realidade posible e a imaxinada.



A fantasía tamén é un xeito distinto de achegarse á realidade. E na vida cotiá o imaxinario xoga un importante papel estruturador e cohesionador, axuda a dar forma e corpo á existencia. Ademais, e como di Anthony D. Smith, non pode haber propósito colectivo sen mitos, país sen lendas; de habelo sería moi aburrido. E Fisterra forma parte da mitoloxía europea e occidental, é unha paisaxe do atlantismo, un destino, un lugar no mapa cunhas características, neste caso simbólicas, coñecidas ou imaxinadas por un número suficiente de visitantes, un lugar con imán, que atrae, que seduce. Atreveríame a dicir que é un dos mitos fundacionais da mesma idea de Europa, que aquí tamén se asentan algúns dos alicerces que sustentan a armazón identitaria do vello continente; por iso dixo o poeta que “prefiero el atardecer, soy occidental”, porque a historia da civilización occidental é un camiñar cara ao solpor, cara ao oeste, como as almas dos mortos en busca desa illa perdida na nebulosa atlántica. E outro poeta dixo que o amencer é triste.

Polo tanto Fisterra segue sendo hoxe un referente tan importante como o era nos tempos finais do medievo e até aquí seguen chegando os peregrinos con necesidades vitais semellantes, pero

actualizadas. E como antes os peregrinos, e os non peregrinos, diante da inmensidade do Océano, algo que aínda segue representando o inestable e o descoñecido, algo que aínda segue dando unha imaxe mítica e medrosa, intentan amainar os seus temores ollando a curvatura do horizonte por onde desaparece o sol. A intención é contraponer fronte a ese alén de inseguridade unha forte confianza na providencia, dar as grazas por ter os pés sobre unha realidade tanxible. Hoxe, como antes, tamén hai temores e tamén hai unha volta aos elementos da natureza, do pasado e da historia para satisfacer a incerteza do futuro, mesmo xa a incerteza do presente. E este ritual faise nunha xeografía que impressiona, faise como “suspenso sobre o vazio, como quem diz ainda não me fui embora”, que diría a escritora Wanda Ramos, tamén atraída por Fisterra. Pero a xeografía de Fisterra tamén impressiona polo seu significado, mesmo polo seu topónimo no que se condensa todo o significado desta terra. E todo isto fai de Fiste-



XENARO

rra un lugar privilexiado, e como di o antropólogo Marc Augé, os lugares privilexiados atraen tanto a peregrinos como a turistas, son lugares onde pensan reanimar a súa fe, a súa visión do mundo e da historia, a súa certeza de existir, de ser.

Hoxe, nunha sociedade postradicional, a certeza do coñecemento racional non foi capaz de substituír a seguridade das tradicións e dos costumes. A dúbida, como di Anthony Giddens, é un dos constituíntes da vida cotiá e un aspecto existencial do mundo social contemporáneo. Ante isto necesitamos defensas, unha coiraza protectora, confianza en algo e en algo compartido socialmente. E a confianza dáse tamén agora nos sistemas abstractos, contidos que manteñen unha influencia universalizadora e que dan coherencia a un novo xeito de identidade particular. E isto para dicir que a revitalización de Fisterra como destino non se debe só a unha persistencia de elementos do pasado como simples supervivencias, senón que a explicación está nos interrogantes do presente. E Fisterra é, en orixe, un destino que cubre as expectativas dos visitantes do século XXI. G

Manuel Vilar é arqueólogo .